

ct

# Cancións amarelas, flores tristes

de  
Ernesto Is

*(fragmento en galego)*

LLANDERAS

(A Costas.) Tes a maquillaxe...

COSTAS

Que?

LLANDERAS

Así como corrida.

COSTAS

Onde?

LLANDERAS

Preto do nariz.

COSTAS

Ah. (*Tócase no nariz.*) Xa?

LLANDERAS

Mellor.

*Silencio.*

COSTAS

En que pensas?

LLANDERAS

Non. Nada.

COSTAS

Nótote rara.

LLANDERAS

Estou ben. Non importa.

COSTAS

Se estás ben, por que dis que non importa?

LLANDERAS

Por nada.

COSTAS

Esa cabeciña ferve.

LLANDERAS

Non me fagas caso.

COSTAS

Seguro que *machoman* e reiseñor se apañan sen nós. Cántame.

LLANDERAS

Nada. Estou ben.

COSTAS

Non paras de dicir que estás ben.

LLANDERAS

Porque é que estou ben.

COSTAS

Mentes. O teu «estou ben» é coma o slogan dunha campaña política: se o tes que dicir tanto e tantas veces, é porque, xustamente, significa o contrario.

LLANDERAS

Que é o que ves cando miras para o espello?

COSTAS

Para o espello? Que espello?

LLANDERAS

Para un espello.

COSTAS

O do baño?

LLANDERAS

Si, por exemplo. Que ves?

COSTAS

Eu? Non teño nin idea. Supoño que o que haxa diante.

LLANDERAS

A ti?

COSTAS

Ou calquera outra cousa.

LLANDERAS

Que cousa?

COSTAS

Algo que se reflicta nel, non?

LLANDERAS

Nada máis?

COSTAS

Máis de que?

LLANDERAS

Que se non ves algo máis.

COSTAS

Que máis queres que vexa?

LLANDERAS

Pois todo o que non se ve a simple vista.

COSTAS

Falas dun espello máxico?

LLANDERAS

Non. Refírome a máis alá. Non ves nada? Todo o que che aconteceu. Todo o que viviches. Todo polo que pasaches. Todo o que procuras.

COSTAS

*(Saca un espello do bolso.)* É moi pequecho. Non entran todas esas cousas.

LLANDERAS

Perdoa. Non sei por que che fago estas preguntas. Síntome tan estúpida...

COSTAS

Non digas iso.

LLANDERAS

Non me atopo ben.

COSTAS

Queres un Ibuprofeno?

LLANDERAS

Non me gusta automedicarme.

COSTAS

Só é unha pastilla. Non che vai facer nada.

LLANDERAS

E se a tomo e crezo dez veces máis do que xa son?

COSTAS

Sairanche os brazos e as pernas polas ventás.

LLANDERAS

Pódoche contar o que me pasa? O que sinto cada vez que me atopo co meu reflexo.

COSTAS

Claro, corazón.

LLANDERAS

Hai unhas semanas, baixei a Portugal. Tiña que ir ata o IKEA porque necesitaba un estante para colocar os libros. Mudeime hai pouco, sabes? Ao piso onde vivía miña nai, porque ela... Os primeiros días tiña toda a miña vida metida en caixas. Non o soportaba. Bueno, o caso: cando fun alí, podes crer que, por non verme reflectida, dei voltas coma unha estúpida pola tenda só para evitar a sección dos espellos? Non me gusta. Proxectarme. Verme. Recoñecerme. Porque esa que está aí dentro non son eu. Ou, polo menos, a eu que quero ser.

COSTAS

*Huvudroll.*

LLANDERAS

Eh?

COSTAS

As albóndegas do IKEA. Chámanse *Huvudroll*. Están boísimas. Probáchelas algunha vez?

LLANDERAS

Non como carne.

COSTAS

Tamén teñen unha opción vegana.

LLANDERAS

Non como plástico.

COSTAS

Boh, como es... Faime caso. Cando volvas, un día destes, pídeas.

LLANDERAS

*Joder...*

COSTAS

Que? De verdade que están boas.

LLANDERAS

*Flipo.* Cóntoche algo persoal, algo sincero, ábrome contigo sen coñecernos practicamente de nada, e sáesme co conto das putas albóndegas do IKEA.

COSTAS

*Huvudroll.*

LLANDERAS

Éme igual! Pensei que era algo máis, non sei...

COSTAS

A que te refíres?

LLANDERAS

Ao *huvuhostias* ese! Crin que era un termo psicolóxico, unha patoloxía cognitivo-conductual súper complexa que me detectaches e que eu descoñecía que tiña. Non putos anacos de carne sueca procesada!

COSTAS

Todo ten a súa lóxica.

LLANDERAS

Perdoa?

COSTAS

As albóndegas do IKEA e o que che pasa co teu reflexo. Hai unha conexión.

LLANDERAS

De verdade, non teño por que aturar isto.

COSTAS

Espera. Escoita.

LLANDERAS

Paso!

FRAN

Que foi?

NACHO

(A Llanderas.) Estás ben? Queres algo?

LLANDERAS

Quero que me deixedes tranquila!

*Silencio.*

COSTAS

(*A Llanderas.*) Ven.

LLANDERAS

Quedo por non aturalos. (*Pausa breve.*) Son imbécil.

COSTAS

Por que te tratas dese xeito?

LLANDERAS

Porque é o que merezo.

COSTAS

Ninguén merece nada malo.

LLANDERAS

Vasma explicar? A relación entre as túas albóndegas e a miña teima cos espellos.

COSTAS

Non son miñas, son dos suecos.

LLANDERAS

Levo pensando toda a noite que...

COSTAS

Que? Dimo.

LLANDERAS

Non. É igual. (*Pausa longa.*) Non soporto as flores. Desgústanme. Por que a xente se empeña en regalalas?

COSTAS

Son bonitas.

LLANDERAS

Vaia imbecilidade. Necesitas unha flor para pedir perdón ou dicir «quérote»?

COSTAS

Algo axudan. Poñen de mellor humor ás persoas.

LLANDERAS

E aos mortos? Que alegría lles poden dar?

COSTAS

Mal tampouco fan.

LLANDERAS

A min si. Esas cores, esa beleza insultante rodeando o ataúde... A sala enteira cun olor que nos recorda que a vida debe seguir, aínda que careza de sentido.

COSTAS

Diso se trata, de dar esperanza.

LLANDERAS

Coas flores? Que estupidez.

COSTAS

Con que, entón?

LLANDERAS

Non o sei. (*Pausa.*) Cantas?